

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2008**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D<sup>a</sup> Elena Maure Noia

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás dezasete horas e dez minutos do día trinta de decembro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular acctal. do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Riesgo Boluda, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(2070).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(2071).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E FARO DE VIGO SAU PARA A REALIZACIÓN DUNHA EXPOSICIÓN DE MURAI. EXPTE. 5258/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 01-10-2008 do xefe de Protocolo e RR PP, conformado pola concelleira-delegada de Facenda e informado polo titular da Asesoría Xurídica o 05-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o seguinte texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Faro de Vigo SAU, sobre exposición dos murais propiedade desta sociedade:

CONVENIO DE COLABORACION ALCALDIA DO CONCELLO DE VIGO E FARO DE VIGO S.A.U PARA EXPOSICIÓNS DOS MURAIIS DE FARO DE VIGO

Na cidade de Vigo, o 30 de decembro de dous mil oito.  
REUNIDOS

Dunha parte D. ABEL CABALLERO ALVAREZ, Alcalde do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, Praza do Rei, 1, CP 36202.

Doutra parte D JAIME ABELLA FERNANDEZ, Xerente de Faro de Vigo S.A.U., con CIF A- 36.600.815. e enderezo social na rúa Uruguay 10 A da cidade de Vigo.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para outorgamento deste convenio, e ao efecto

EXPOÑEN

---

Que Faro de Vigo S.A.U. e propietaria duns Murais de cerámica que son parte da Historia da Cidade e que formaban parte do Edificio na Rua Colon sede deste medio durante mais de medio século. Estes Murais son 28 pezas de gran valor que representan a antigos anunciantes de principios do século XX, con escenas da vida diaria , os transportes, Industria, Hoteis etc, que foron restaurados a expensas desta empresa Faro de Vigo , co gallo do seu 155 aniversario proxecta celebrar unha Exposición que de a coñecer ó público esta importante colección de murais de cerámica

A Alcaldía de Vigo, interesada pola recuperación do Patrimonio Histórico e Artístico da Cidade , e coñecedora de este Programa , desexa dar a maior importancia este evento ,colaborando nesta Exposición, para dar a coñecer ós vigueses parte so seu patrimonio.

As dúas partes recoñécense como axentes determinantes da oferta e desenvolvemento cultural da cidade, polo que consideran necesaria a coordinación e participación neste proxecto.

Deste xeito A Alcaldía do Concello de Vigo e Faro de Vigo S.A.U.

ACORDAN

PRIMEIRA.- O presente convenio subscríbese co obxectivo a colaboración da Alcaldía do Concello de Vigo da Exposición de Murais de Cerámica do Faro de Vigo que organiza esta entidade nos últimos meses deste ano.

SEGUNDA.- Corresponderalle á Faro de Vigo S A U todo o referente á planificación e organización da citada Exposición que se instalará nos Locais da Estación Marítima.

TERCEIRA.- Faro de Vigo S A U organizará a oportuna campaña de Prensa , publicidade e merchandasing en Faro de Vigo , Radio e TV a fin de dar a coñecer e facer chegar a toda a cidadanía a devandita Colección.

A Alcaldía de Vigo figurará adecuadamente en todas as actuacións publicitarias e de difusión que se realicen da Exposición , aparecendo expresamente co seu logotipo ou anagrama en calidade de patrocinador. Faro de Vigo achegará probas deste material con anterioridade á súa impresión para conformidade da Alcaldía e o do seu logotipo.

CUARTA.- O Concello de Vigo aportará a este Convenio a cantidade de 150.000 Euros en concepto de colaboración , con cargo as partidas 111.0.227.06.02 ,Convenios (100.000 E) Educación 422.0.227.06.10 (50.000 E ) , dada a especial implicación destas Concellerías no presente proxecto.

*QUINTA.-Para a tramitación do pago do importe da axuda do presente convenio a Faro de Vigo SAU deberá achegar, ademais da memoria que recolla as actuacións, os seguintes xustificantes acreditativos dos gastos vencellados ao proxecto do presente convenio coas seguintes especificidades:*

- 1. Facturas orixinais que deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo, neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos relacionados directamente ó obxecto do presente convenio.*
- 2. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado da factura orixinal.*
- 3. Tamén serán admitidos aqueles gastos vencellados con este convenio que poidan ser xustificados a través de documentos orixinais que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base á eficacia administrativa do mesmo.*
- 4. En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vencellados de forma directa co obxecto deste convenio, e non deberá constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada neste convenio.*
- 5. Asemade, coa xustificación deberá entregarse unha declaración actualizada sobre a percepción ou non, por parte do beneficiario, doutras axudas para as actividades obxecto deste convenio, así como a indicación do importe e procedencia doutros fondos e recursos cos que fose financiada a actividade.*

*SEXTA.- O seguimento deste convenio realizarase por unha comisión mixta na que figurarán o concelleiro-delegado de Réxime Interior e o Xerente de Faro de Vigo SAU ou persoas nas que deleguen, así como un representante técnico de ambas entidades.*

*SÉTIMA.- O presente convenio terá vixencia ata o 15 de marzo de 2009. O incumprimento dos acordos estipulados neste convenio poderá significar a súa cancelación. Previamente as partes comunicaranse esa intención cunha antelación de 15 días.*

*OITAVA.- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo queda facultada para solucionar as controversias derivadas da execución deste convenio e o concelleiro delegado de Réxime Interior para adoptar as medidas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento,*

*En proba de conformidade asinan por triplicado exemplar e a un só efecto o presente convenio na data arriba indicada.*

**3(2072).- AMPLIACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA X.GOVERNO LOCAL DO 2.12.08 SOBRE O PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO PARA O ALUGUEIRO DE SEIS VIVENDAS NO PROGRAMA DE ERRADICACIÓN DO CHABOLISMO 2008. EXPTE. 34319/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de actividades económicas coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Benestar Social , a Xunta de Goberno Local acorda:

Ampliar o contido do acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de decembro de 2008, “Proxecto de convenio de colaboración coa Consellería de Vivenda e Solo para o aluguer de seis vivendas no programa de erradicación do chabolismo 2209”, expediente 34319/301, cun novo apartado co seguinte contido:

“4.- Autorizar que o pago dos importes das subvencións de alugamento procedentes do procedentes do IGVS e do Concello de Vigo se realice a prol do Secretariado Xeral Xitano (CIF. G-83117374) unha vez xustificado o pago efectivo dos alugueres aos propietarios das correspondentes vivendas, para o que deberá presentar ante o Rexistro Xeral do Concello de Vigo as correspondentes facturas, recibos ou xustificantes do pagamento.”

**4(2073).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. ALTA EXPTE. 2/2348, 02/1735, 03/1264, 03/1819, 04/1928, 22/2520.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da área de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> Lucinia Díez Caballero. Expte. 2/2348
- D<sup>a</sup> Manuela Gregorio Montero. Expte. 02/1735
- D<sup>a</sup> Milagros Paz Barreiro Expte. 03/1264
- D. Camilo Mora Nieto. Expte. 03/1819
- D. Carlos Castro Fontela. Expte. 04/1928
- D<sup>a</sup> Carmen Caride Pereiro. Expte. 23/2520

**5(2074).- RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS DAS AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR. EXPTE 38687/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Benestar social de data 22-12-2008, conformado pola concelleira-delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda:

- a) ESTIMAR AS RECLAMACIONES DAS AXUDAS DE COMEDOR para o Curso 2008/09 que se achegan no listado adxunto (Anexo I-A).  
As reclamacións de comedor estimadas terán efecto dende o 11 de Setembro do 2008 ata xuño do 2009, existindo consignación presupostaria con cargo ao RC 200800069469 e RCFUT1 200800069470, para as axudas de comedor por un importe de 173,00€/mes.
- b) DESESTIMAR AS RECLAMACIONES DE LIBROS E COMEDOR, que se achegan no listado adxunto(Anexo I-B), xunto cos motivos da súa desestimación.

**6(2075).- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 56.418,68 € A FAVOR DO INSTITUTO MUNICIPAL DE DEPORTES DE VIGO POLA UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO IMD POLOS SERVIZOS SOCIAIS. EXPTE. 38330/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica de Benestar Social de data 10 de decembro conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, e vistos os

informes do xefe do servizo de Recursos e Asesoramento e máis do Interventor xeral, de datas 18 e 26 de decembro, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións e o gasto realizado de conformidade coa Base 28 das de execución orzamentaria para o exercicio 2008, por un importe total de 56,418,68 euros (cincuenta e seis mil catrocentos dezaoto con sesenta e oito euros) a favor do INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO (IMD). NIF G-36.737.963.

2º.- Recoñecer a obriga a favor do INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO (IMD). NIF G-36.737.96, por importe total de 56,418,68 euros (cincuenta e seis mil catrocentos dezaoto con sesenta e oito euros)

3º.- Dispoñer o gasto a favor de INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO (IMD). NIF G-36.737.96, por importe total de 56,418,68 euros (cincuenta e seis mil catrocentos dezaoto con sesenta e oito euros), con cargo a partida 3130.2270610 “Uso instalacións deportivas” ou a súa bolsa de vinculación.

**7(2076).- PROXECTO DE CONVENIO COA CRUZ ROJA PARA O DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 38424/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da traballadora social responsable do SAV de data 2 de decembro, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social e máis polo xefe da Área, e vistos os informes do titulado da Asesoría Xurídica e máis do Interventor xeral, ambos de data 30 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación á prorroga do convenio con Cruz Vermella Española para a prestación do servizo de Axuda no Fogar, dende o 01/01/09 ao 30/04/09, coas condicións particulares que constan no mesmo.

Segundo.- Autorizar e dispoñer o gasto de 522.000€ con cargo á partida 3130-2270601 do orzamento de Benestar social de 2009 a prol da Cruz Vermella Española.

**8(2077).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 48.860 € A FAVOR DE SAMYL S.L. POLA LIMPEZA DO VERBUM-CASA DAS PALABRAS. 757/340.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 11-12-2008 do director administrativo do Museo Verbum, conformado polo concelleiro da área de Cultura e fiscalizado o 11-12-2008 polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Convalidar o gasto que figura nas facturas A 957, A 1147, A 1316, A 1464, A 1681, A 1810 e A 2001 que se achegan ao expediente, por un importe total de 48.860 € (corenta e oito mil oitocentos sesenta euros), a favor de Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L. (SAMYL, S.L.) con CIF: B 47037577 que deben ser imputados á Partida 4514.227.00.00 “Limpieza de dependencias”.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor da SAMYL, S.L., CIF: B 47037577, por un importe total de 48.860 €, en concepto de prestación do servizo de limpeza do Verbum durante o período 01/06/2008 ao 31/12/2008, con cargo á partida 4514.227.00.00 “Limpieza de dependencias”.

Terceiro- Pagar a SAMYL, S.L., CIF: B 47037577, as facturas A 957, A 1147, A 1316, A 1464, A 1681, A1810 e A 2001, por un importe total de 48.860 €, con cargo á partida 4514.227.00.00 “Limpeza de dependencias”.

**9(2078).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 87.945,04 € A FAVOR DE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA S.A. POR DIVERSOS SERVICIOS. EXPTE. 753/340.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 11-12-2008 do director administrativo do Museo Verbum, conformado polo concelleiro da área de Cultura e fiscalizado o 18-12-2008 polo interventor xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Convalidar o gasto que figura nas facturas 3606L310011, 3606L310012, 3608L310013, 3609L310014, 3610L310015, 3611L310016, 3612L310017 e 3612L310019 que se achegan ao expediente, por un importe total de 87.945,04 € (oitenta e sete mil novecentos corenta e cinco euros con catro céntimos), a favor de Securitas Seguridad España S.A, UTE con CIF: G 83643338 que deben ser imputados a Partida 4514.227.01.01 “Servizos de seguridade”. Así mesmo, convalidar o gasto que figura na factura 3612L310018 por un importe de 6.046,23 € (seis mil corenta e seis euros con vinte e tres céntimos) a favor de Securitas Seguridad España S.A, UTE con CIF:G 83643338 que deben ser imputados á Partida 4514.213.00.00 “Mantemento maquinaria”.

2.- Recoñecer a obriga a favor da Securitas Seguridad España, S.A.UTE, CIF G 83643338, por un importe total de 87.945,04 €, en concepto de prestación do servizo de vixilancia do Verbum durante o período 01/06/2008-31/12/2008, e o servizo de transporte de fondos e subministro de billetes, con cargo á Partida 4514.227.01.01 “Servizos de seguridade”; e un importe de 6.046,23 € en concepto de prestación do servizo de mantemento de instalacións de seguridade do Verbum con cargo á partida 4514.213.00.00 “Mantemento maquinaria”.

3º.- Pagar á empresa Securitas Seguridad España, S.A. UTE, con CIF G 83643338, as facturas 3606L310011, 3606L310012, 3608L310013, 3609L310014, 3610L310015, 3611L310016, 3612L310017 e 3612L310019 por un importe total de 87.945,04 €, con cargo á partida 4514.227.01.01 “Servizos de seguridade” e tamén a factura nº 3612L310018 por un importe de 6.046,23 €, con cargo á partida 4514.213.00.01 “Mantemento maquinaria”.

**10(2079).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 31.655,25 € A FAVOR DE CESPAS S.A. POLA REALIZACIÓN DO MANTEMENTO DO TERREO DE XOGO NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 8349/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do director deportivo do IMD de data 15-12-2008, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e visto o informe de fiscalización do interventor xeral de data 22-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Convalidar o gasto que figura nas facturas 08vg00020, 08vg00027, 08vg00033, 08vg00042, 08vg00044, 08vg00051, 08vg00061, 08vg00069, 08vg00072, 08vg00075 e 08vg00076 que se achegan ao expediente, por un importe total de 31.655,25 € (trinta e un mil seiscentos cincuenta e cinco euros con vintecinco céntimos), a favor de Cespa, S.A. con CIF: A82741067 que deben ser imputados á Partida 4521.210.00.00 “Contrato mantemento campo de xogo de Balaídos”.

2.- Recoñecer a obriga a favor de Cespa, S.A., CIF: A82741067, por un importe total de 31.655,25 €, en concepto de prestación do servizo de mantemento do terreo de xogo do Estadio Municipal de

Balaídos, durante o período comprendido entre os meses de febreiro e decembro, ambos incluídos, con cargo á partida 4521.210.00.00 “Contrato mantemento Campo xogo Balaídos”.

3º.- Pagar a Cespa, S.A., CIF A82741067, as facturas 08vg00020, 08vg00027, 08vg00033, 08vg00042, 08vg00044, 08vg00051, 08vg00061, 08vg00069, 08vg00072, 08vg00075 e 08vg00076 que se achegan ao expediente, por un importe total de 31.655,25 € (trinta e un mil seiscientos cincuenta e cinco euros con vintecinco céntimos), con cargo á partida 4521.210.00.00 “Contrato mantemento campo de xogo de Balaídos”.

**11(2080).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 20.772,73 € A FAVOR DE J.M. CALDERÓN RODRÍGUEZ POLA DIRECCIÓN TÉCNICA PARA O MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE BALAIIDOS, A MADROA E BARREIRO. EXPTE. 8350/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do director deportivo do IMD de data 12-12-2008, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e visto o informe de fiscalización do interventor xeral de data 22-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Convalidar o gasto que figura nas facturas 02/2008, 03/2008, 04/2008, 05/2008, 06/2008, 07/2008, 08/2008, 09/2008, 11/2008, 12/2008 e 13/2008 que se achegan ao expediente, por un importe total de 20.772,73 € (vinte mil setecentos setenta e dous euros con setenta e tres céntimos), a favor de José Manuel Calderón Rodríguez con NIF: 02137388K que deben ser imputados á Partida 4521.227.06.00 “Contrato técnico facultativo Campo xogo Balaídos”.

2.- Recoñecer a obriga a favor da José Manuel Calderón Rodríguez, NIF: 02137388K, por un importe total de 20.772,73 €, en concepto de prestación do servizo dirección técnica dos traballos de mantemento nos campos de fútbol municipais de Balaídos, A Madroa e Barreiro, durante o período comprendido entre os meses de febreiro e decembro, ambos incluídos, con cargo á partida 4521.227.06.00 “Contrato técnico facultativo Campo xogo Balaídos”.

3º.- Pagar a José Manuel Calderón Rodríguez, NIF 02137388K, as facturas 02/2008, 03/2008, 04/2008, 05/2008, 06/2008, 07/2008, 08/2008, 09/2008, 11/2008, 12/2008 e 13/2008 , por un importe total de 20.772,73 €, con cargo á partida 4521.227.06.00 “Contrato técnico facultativo Campo xogo Balaídos”.

**12(2081).- FONDO DE INVERSIÓN LOCAL PARA O EMPREGO-GOBERNO DE ESPAÑA.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe do servizo de Educación do 29-12-08, conformado pola concelleira-delegada de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a memoria e ficha de actuación denominada “SOLICITUDE DE FINANCIACIÓN DE ACTUACIÓN SOBRE AS INSTALACIÓN ELÉCTRICAS DOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN CON CARGO AO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL (FEIL)”, elaborada polo Servizo de Educación do Concello de Vigo e incluída dentro das solicitudes de actuación do Concello de Vigo a financiar con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local.

**13(2082).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 16.170 € A FAVOR DE SERYGES S.L. EN CONCEPTO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN E**

**CONTROL DO MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E DE PRIMARIA. EXPTE. 10140/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 12-12-2008 do xefe do servizo de Educación, conformado pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, vista a fiscalización do interventor xeral do 29-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar unha indemnización substitutiva do gasto por importe de 16.170,00 € a favor da empresa SERYGES, S.L.. co CIF B-36813970 pola prestación da asistencia técnica para xestión e control do mantemento correctivo e preventivo das instalacións de calefacción, depósitos de propano, gas, rede eléctrica e aforro enerxético dos centros públicos de educación infantil e primaria e de escolas municipais durante os meses de xuño a decembro de 2008

Segundo.- Imputar o referido gasto que corresponde ao prezo dos servizos prestados e recibidos de conformidade, con cargo á partida e bolsa de vinculación orzamentaria 422 0 227 06 10 estudos e traballos técnicos do vixente presuposto de 2008.

Terceiro.- A imputación do gasto ao orzamento vixente non provoca prexuízo nin limitación ningunha para atender o gasto do ano en curso no correcto funcionamento do servizo.

**14(2083).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 17.991,52 € A FAVOR DE ECOVIGO POLA CAMPAÑA PUBLICITARIA “PILI”. EXPTE. 10163/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 12-12-2008 do técnico do servizo de Educación, conformado polo xefe do servizo, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, vista a fiscalización do interventor xeral do 29-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar unha indemnización substitutiva do gasto por importe de 17.991,52.-€ a favor da empresa ECOVIGO PUBLICIDAD, S.L. co CIF B-36.614.808 pola implementación da campaña de difusión da “Convocatoria de bolsas para a participación no Programa de Inmersión en Lingua Inglesa (PILI) dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros públicos de Vigo no curso 2007/2008”

Segundo.-Imputar o referido gasto que corresponde ao prezo dos servizos prestados e recibidos de conformidade, con cargo á partida orzamentaria 4220.226.02.00 de “publicidade e propaganda” e bolsa de vinculación do vixente presuposto de 2008.

Terceiro.- A imputación do gasto ao orzamento vixente non provoca prexuízo nin limitación algunha para atender o gasto do ano en curso no correcto funcionamento do servizo.

**15(2084).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA HIXIÉNICO-SANITARIA ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO. EXPTE. 2119/313.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da directora do Laboratorio Municipal, conformado pola concelleira delegada de Medio ambiente, Sanidade e Consumo e visto o informe de fiscalización de 02-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:



Primeiro.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA HIXIÉNICO-SANITARIA ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO, co texto final que consta no expediente 2119/313.

Segundo.- Facultar expresamente ao Excmo. Sr. Alcalde-Presidente para o asinamento deste Convenio.

Terceiro.- Notificar o presente acordo, en forma legal, ao Consorcio da Zona Franca de Vigo.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA HIXIÉNICO-SANITARIA ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO.*

---

*En Vigo, o 29 de Outubro do 2008.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. ABEL CABALLERO ALVAREZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO, CIF nº P-3605700-H, con enderezo en Vigo, Praza do Rei, s/n, na representación legal que ostenta.*

*Doutra parte, D. FRANCISCO LÓPEZ PEÑA, en calidade de DELEGADO DO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO (CZJV), CIF nº G-36611580, con enderezo en Vigo, Area portuaria de Bouzas, s/n.*

*MANIFESTAN*

*Que o Concello de Vigo, a través do Parque de Desinfección dependente do Laboratorio Municipal, coordina e regula as actividades de desratización que afectan a importantes áreas da cidade.*

*O CZJV, dada a importancia que teñen os terreos da súa propiedade e a repercusión que pode ter o seu estado sanitario para os veciños, está interesado en participar no programa de prevención de pragas urbanas que o Concello realiza no resto da cidade.*

*Por isto, as partes consideran necesario formalizar un convenio de colaboración que permita harmonizar e optimizar os medios utilizados na loita contra as pragas urbanas e que se rexerá polas seguintes,*

*CLÁUSULAS*

*Primeira.*

*O obxecto do presente convenio é establecer os termos e condicións da colaboración entre o Concello de Vigo e o CZJV, para desenvolver todas as medidas necesarias de control das pragas urbanas nos terreos do Consorcio, coordinando as mesmas coas que se veñen aplicando polo Parque de Desinfección no resto da cidade.*

*Segunda.*

*O Concello de Vigo, a través dos seus distintos Departamentos e Servizos, comprométese á realización dos seguintes cometidos:*

- a) Desratización dos terreos do CZJV, incluíndo estes no programa establecido para o conxunto da cidade.*
- b) Desratización e Desinfección das instalacións do CZJV, incluíndo:
  - 1. Centro de servizos do Polígono da Granxa (O Porriño).*
  - 2. Centro de Iniciativas Empresarial “Fernando Conde Montero-Rios” (O Porriño).*
  - 3. Antigas instalacións da ETEA e CLH.**

*Terceira.*

*As datas e horarios de realización dos distintos tratamentos fixaranse conxuntamente, en función dos protocolos e da dispoñibilidade de medios dos respectivos servizos, tanto municipais como de CZFV.*

*Cuarta.*

*Antes do inicio dos tratamentos, o responsable do Parque e Servizo de Desinfección Municipal ou do Laboratorio Municipal entregará, por escrito, as recomendacións e normas de seguridade precisas para lograr unha maior efectividade dos mesmos e para evitar calquera tipo de risco.*

*Deberá dispoñer por escrito dun protocolo de traballo que especifique tanto os riscos que implica o uso de cada produto, como das medidas de prevención a seguir (prazos de seguridade, EPI, condicións de aplicación, tratamento en caso de intoxicación e antídotos, etc.)*

*Quinta.*

*O responsable ou técnicos do Servizo de Desinfección Municipal ou Laboratorio Municipal, entregará os certificados correspondentes ós traballos realizados ó remate dos mesmos e, de non ser posible nese momento, nun prazo inferior a quince días naturais dende a data de remate.*

*Sexta.*

*O CZFV aportará anualmente a cantidade de 29000 €uros, IVE incluído, mais o 5% do IPC que sería 1450 €uros (30450 €uros en total), destinados ao Laboratorio Municipal, do que depende o Parque de Desinfección. O ingreso realizarase na conta do Concello antes do trinta de xuño de cada ano.*

*Sétima.*

*As partes non asumen ningún outro compromiso distinto dos recollidos expresamente neste convenio.*

*Oitava.*

*Para a aplicación e desenvolvemento do acordado, así como para resolver as dúbidas e controversias que puidesen suscitarse ó longo da súa vixencia, constitúese unha Comisión Mixta, que estará integrada por un representante do Concello de Vigo e outro do CZFV e que se reunirá tantas veces o solicite, xustificadamente, calquera das partes.*

*De persistir as discrepancias entre as partes, estas serán resoltas pola Alcaldía; resolución que poñerá fin á vía administrativa e que poderá ser obxecto dos recursos administrativos e xurisdicionais que en Dereito procedan.*

*Novena.*

*Este Convenio de Colaboración ten, para todos os efectos, carácter xurídico-administrativo, rexéndose polas súas propias estipulacións e, no seu defecto, polas normas do Dereito administrativo.*

*Sen prexuízo da obrigada intervención previa da Comisión Mixta e das facultades recoñecidas á Alcaldía, as cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán dilucidadas, en última instancia, polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.*

*Décima.*

*Serán causas de resolución deste convenio, o incumprimento grave de calquera das súas estipulacións, o cumprimento íntegro do seu obxecto e o mutuo acordo das partes.*

*Undécima.*

*O presente convenio terá unha vixencia de dous (2) anos, contados a partir do seu asinamento.*

*E en proba de conformidade, os comparecentes asinan por duplicado o presente Convenio no lugar e data expresados no encabezamento.*

**16(2085).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES D4E GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2008. EXPTE. 6145/306.**

Mediante providencia de data 22-12-2008, a Concellería delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo dá conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor polo Servizo de Medio ambiente durante o mes de decembro de 2008, que son os seguintes:

EXPTE.: 6092/ 306			- CONTRATOS MENORES -		Decembro 2008		
Expte	Partida	CM	Asunto	Adjudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
6113/ 306	4450.622.00.00	OB	Instalación de dúas vigas macizas de 3,35x0,25x0,20m e pilares de apoio na casa para salvamento nas Illas Cíes	Xestión Ambiental de Contratas, SL	05/ 12/ 2008	09/ 12/ 2008	2.220,00 €
6061/ 306	4450.227.06.03	SER	Traballos para conseguir a protección do sistema dunar do Vao, baixo a figura "Espazo Natural de Interese Local"	Novocontorno, SL	04/ 12/ 2008	15/ 12/ 2008	17.560,00 €

**17(2086).- RATIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTUACIÓN CONXUNTA QUE PERMITA A ORDENACIÓN DA CIRCULACIÓN NO PARQUE EMPRESARIAL DE BALAIÍDOS. EXPTE. 75736/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 09-12-2008 e de conformidade co informe-proposta da técnica de Admon. Xeral de Mobilidade, Seguridade e Transportes de data 22-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Ratificar ao abeiro do disposto no artigo 127.1.f) da LRBRL 7/1985 o convenio de colaboración asinado en data 11.12.202008 entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento dunha actuación conxunta que permita a ordenación da circulación no parque empresarial de Balaídos.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTUACIÓN CONXUNTA QUE PERMITA A ORDENACIÓN DA CIRCULACIÓN NO PARQUE EMPRESARIAL DE BALAIIDOS.*

*En Vigo a .....*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do Concello de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local.*

*E doutra, D. ...., Delegado Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, cargo que ostenta en virtude do nomeamento realizado por Real Decreto .....*

*Ambas partes, no nome e representación que exercen e coa capacidade legal para este acto*

*MANIFESTAN*

*I.- Que, conforme ó disposto no artigo 2 do Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, aprobado por Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, e o artigo 1 do*

*Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do dito texto articulado, aprobado por Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, os seus preceptos son aplicables en todo o territorio nacional e, en defecto doutras normas, obrigarán ós titulares e usuarios das vías e terreos privados que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios, debendo estes adaptar o seu comportamento, segundo establece o artigo 132 do dito regulamento, á mensaxe das sinais viais.*

*II.- Que considerando o disposto no artigo 7. a) en relación cos artigos 5. i) e 68.6 do Texto Articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, os Concellos posúen competencia para a ordenación e control do tráfico nas vías urbanas, tramitación das denuncias de infraccións que se cometan naquelas, así como para a imposición das sancións que puideran corresponder.*

*A competencia sancionadora do Concello de Vigo nos viais do Parque Empresarial de Balaídos, titularidade da Zona Franca de Vigo, fundaméntase nos artigos referidos e nos informe xurídicos emitidos en datas 21.02.2008 e 16.05.2008 polo Avogado do Estado e pola Técnica da Administración Xeral da Área de Mobilidade, Seguridade e Transportes do Excmo. Concello de Vigo.*

*III.- Que o Consorcio da Zona Franca de Vigo, como titular dos viais que transcorren polo recinto do Parque Empresarial de Balaídos, é responsable da súa conservación e mantemento nas mellores condicións posibles de seguridade para a circulación, así como da instalación e conservación das adecuadas sinais e marcas viais.*

*IV.- Que dado que as vías que percorren o recinto empresarial de Balaídos están abertas ó uso xeral sen restricción nin limitación en canto a acceso e circulación, sendo polo tanto utilizadas libremente por unha colectividade indeterminada e numerosa de usuarios, faise preciso establecer unha fórmula que permita comprobar que estes cumpren coa súa obriga de non entorpecer indebidamente a circulación, nin causar perigo, prexuízos ou molestias innecesarias ós restantes usuarios.*

*V.- Que, respectando o ámbito competencial propio de cada unha das partes asinantes, faise preciso establecer os mecanismos axeitados para garantir que a circulación polos ditos viais transcorre con normalidade e co debido respecto á normativa vixente.*

*De acordo co exposto, ambas partes acordan subscribir o presente convenio de colaboración conforme as seguintes*

## **ESTIPULACIÓNS**

### **PRIMEIRA.- Obxecto.**

*O obxecto do presente convenio é establecelas bases dunha actuación conxunta e coordinada das entidades asinantes dirixida a regular a circulación polos viais que, situados na cidade de Vigo, percorren o Parque Empresarial de Balaídos.*

### **SEGUNDA.- Compromisos das partes.**

*1.- O Consorcio da Zona Franca de Vigo, como titular dos viais, asume as seguintes obrigas:*

- a) Instalación, conservación e restitución das sinais e marcas viais, seguindo, a estes efectos, as instrucións que lle indique a autoridade local responsable da regulación do tráfico.*
- b) Asumir os gastos que se deriven da instalación, conservación e restitución das sinais e marcas viais, así como, se é o caso, os gastos derivados da substitución da sinalización actualmente existente co fin de adaptala ás instrucións que lle sexan dadas pola autoridade local.*
- c) Mantemento e conservación dos viais que transcorren polo recinto do Parque Empresarial de Balaídos.*

- d) *Asumir a responsabilidade patrimonial que, de selo caso, se derive como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos viais que transcorren polo recinto do Parque Empresarial de Balaídos.*
- e) *Vixiar que os usuarios dos viais obedecen as sinais que establezan unha obriga ou unha prohibición, e que adaptan o seu comportamento á mensaxe do resto das sinais.*
- f) *En caso de que o Consorcio observase, por medio dos vixilantes designados ó efecto, algún feito que puidera ser constitutivo de infracción das normas de uso e circulación de vehículos, o porá en coñecemento da autoridade local competente, xa sexa verbalmente ante o policía local máis próximo ó lugar dos feitos, ou ben presentando a correspondente denuncia voluntaria na que deberá constar a identificación do vehículo co que se cometera a presunta infracción, a identidade do denunciado (se fora coñecida), unha relación circunstanciada do feito (con expresión do lugar, data e hora), asó como nome, apelidos, DNI e sinatura do vixilante-denunciante.*

*A estes efectos, os vixilantes designados polo Consorcio estenderán por triplicado exemplar un boletín de denuncia, segundo modelo que se establece no Anexo. Un dos exemplares quedará en poder do Consorcio, o segundo, se fora posible, entregaráselle ó denunciado, e o terceiro remitiráselle ó Concello de Vigo.*

*Coa denuncia voluntaria deberá anexarse proba suficiente, preferentemente documental (fotográfica) ou testemuña, que deberá ser remitida ó Concello de Vigo para a súa tramitación.*

*2.- O Concello de Vigo, como órgano competente para impoñer sancións, comprométese a tramitalas denuncias que, nos termos sinalados no apartado f), lle sexan remitidas polo Consorcio, así como a prestarlle a este organismo a colaboración precisa para garantir que a circulación polos viais do Parque Empresarial de Balaídos transcorre con normalidade e dentro do respecto á normativa aplicable.*

#### *TERCEIRA.- Retirada de vehículos*

*O Concello de Vigo procederá, de acordo co regulamentariamente establecido, se o obrigado a elo non o fixera, á retirada do vehículo da vía e ao seu traslado ao depósito municipal.*

*Especialmente naqueles supostos en que a conducta dalgún usuario dos viais do recinto poña en perigo o cause graves perturbacións á circulación de vehículos ou peatóns e, concretamente, nos supostos en que o vehículo permaneza estacionado nos carrís ou parte das vías reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios, o Consorcio o porá inmediatamente en coñecemento do Concello de Vigo, ós efectos de solicitar a intervención do servizo municipal do guindastre para que proceda á retirada do vehículo.*

#### *CUARTA.-Entrada en vigor e vixencia.*

*O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e a súa vixencia será anual, prorrogándose automaticamente, salvo denuncia escrita de calquera das partes dentro dos dous últimos meses da súa vixencia, por iguais períodos anuais.*

*En proba de conformidade, as partes asinan en duplicado exemplar o presente convenio de colaboración no lugar e data enriba indicados.*

ANEXO I

NÚMERO DO EXPEDIENTE    DATOS DA DENUNCIA VOL.

	DATA	HORA
--	------	------

<i>LUGAR DA DENUNCIA</i>
--------------------------

<i>FEITO DENUNCIADO</i>
-------------------------

<i>VEHÍCULO DATOS DO</i>	<i>Matrícula</i>	<i>Marca e Modelo</i>	<i>Clase</i>	<i>Cor</i>
<i>DATOS DA PERSOA QUE CONDUCE</i>	<i>DNI, NIE ou DOI</i>	<i>Data de nacemento</i>	<i>Clase</i>	
	<i>Nome e Apelidos</i>			
	<i>Domicilio: rúa ou praza</i>	<i>Número</i>	<i>Escaleira</i>	<i>Andar    Letra</i>
	<i>Localidade</i>			

<i>DATOS DENUNCIANTE</i>	<i>Nome e Apelidos</i>	<i>SINATURA DO DENUNCIADO/A NON IMPLICA A MIÑA CONFORMIDADE</i>	<i>DATOS TESTEMUÑA</i>	<i>Nome e Apelidos</i>
	<i>DNI, NIE</i>			<i>DNI, NIE</i>
	<i>SINATURA:</i>			<i>SINATURA:</i>

**18(2087).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 23.762,41 € A FAVOR DA EMPRESA SIMCO S.L. POLO MANTEMENTO DOS PARQUES FORESTAIS DE VIGO DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE 2008. EXPTE. 4354/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 03-12-2008, do enxeñeiro de montes, conformado pola concelleira-delegada de Montes, Parques e Xardíns e visto o informe do interventor xeral de data 18-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante o mes de novembro de 2008, por importe de 23.762,41 €.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 23.762,41 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 4326.210.00.01

**19(2088).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 16.727,82 € A FAVOR DA EMPRESA CESPA S.L. POLA REVISIÓN EXTRAORDINARIA DO PREZO DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DA CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DE ZONAS VERDES. EXPTE. 4421/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 26-12-2008, do enxeñeiro de montes, conformado pola concelleira-delegada de Montes, Parques e Xardíns e visto o informe do interventor xeral de data 29-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Cespa S. L. pola Revisión Extraordinaria do prezo do Contrato de Prestación de Servizos da Conservación e Mantemento de Zonas Verdes correspondente aos meses de xaneiro e febreiro de 2008, por un importe de 16.727,82 €.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Cespa S. A. por un importe de 16.727,82 € Revisión Extraordinaria do prezo do Contrato de Prestación de Servizos da Conservación e Mantemento de Zonas Verdes correspondente aos meses de xaneiro e febreiro de 2008 e con cargo a partida orzamentaria 4326.227.06.01

**20(2089).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 23.762,41 € A FAVOR DA EMPRESA SIMCO S.L. POLO MANTEMENTO DOS PARQUES FORESTAIS DE VIGO- DECEMBRO 2008. EXPTE. 4383/446.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 22-12-2008, do xefe de Parques e Xardíns, conformado pola concelleira-delegada de Montes, Parques e Xardíns e visto o informe do interventor xeral de data 29-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar unha indemnización substitutiva a favor da empresa Simco S. L. polo mantemento dos Parques Forestais de Vigo durante o mes de decembro de 2008, por importe de 23.762,41 €.

Segundo.- Recoñecer a obriga a favor da empresa Simco S. L. por un importe de 23.762,41 € como consecuencia do mantemento dos Parques Forestais de Vigo e con cargo a partida orzamentaria 4326.210.00.01

**21(2090).- PROPOSTA PARA ACEPTAR A O REXEITAMENTO EXPRESO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CENTRO CULTURAL CUBANO DE GALICIA. EXPTE. 786/334.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da técnica do SNL de data 23-12-2008, conformada pola concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aceptar o rexeitamento expreso da subvención concedida ao Centro Cultural Cubano de Galicia (G-36 921 120), importe da subvención 782,61 €, e, polo tanto, anular o compromiso adquirido segundo o acordo da XGL de data 3 de novembro de 2008.

**22(2091).- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 32.049,93 A FAVOR DE SECURITAS S.A. POLO SERVIZO DE VIXILANCIA NO CENTRO CÍVICO DE CORUXO. EXPTE. 1651/321.**

A Xunta de Goberno Local acordou retirar o presente asunto da orde do día.

**23(2092).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 50.000 € A FAVOR DA FUNDACIÓN CAIXANOVA POLOS SERVIZOS REALIZADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “VIGO DIXITAL”. EXPTE. 1625/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta de data 07-11-2008 do xefe de Participación Cidadá, conformada polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e informada así mesmo pola Asesoría Xurídica e pola Intervención Xeral en datas 21-11 e 12-12, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

A indemnización substitutiva da factura núm. PR 2008 1 polo importe total de 50.000,00 €, a favor de Fundación Caixanova, xa que prestou de conformidade o servizo facturado, con cargo á partida 4631.2270611.

**24(2093).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA A TRAVÉS DO 010. EXPTE. 1626/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá do 28-11-2008, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e que figura fiscalizado e conformado pola Intervención Xeral en data 18-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aceptar a revisión de prezos do servizo de atención telefónica a través do 010, segundo establece o prego de cláusulas administrativas, no seu punto 3, por un importe total de 5.889,50 € polas facturas emitidas no período comprendido entre 01/03/2008 e 28/02/2009:



Ano 2008

A prol da empresa Arcal Grupo Norte SA, polo importe de 2.628,11 € correspondente ás facturas emitidas no período comprendido entre 01/03/2008 (data da revisión) e 11/08/2008 (data de formalización da escritura de cesión do contrato). O dito importe se imputará á partida 4631 2270600 do presuposto do ano 2008.

A prol da empresa Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte SL, polo importe de 2.279,81 €, correspondente ás facturas emitidas no período comprendido entre o 12/08/2008 e 31/12/2008. O dito importe se imputará á partida 4631 2270600 do presuposto do ano 2008.

Ano 2009

A prol da empresa Outsourcing Signo Servicios Integrales Grupo Norte SL,, polo importe de 981,58 €, correspondente ás facturas emitidas no período comprendido entre o 01/01/2009 e 28/02/2009. O dito importe se imputará á partida 4631 2270600 do presuposto do ano 2009.

**25(2094).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORAS NA ALAMEDA DE BEADE.EXPTE 4290/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Unión temporal de empresas formada por Eiriña, S.L. E Imesapi, S.L. o procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de melloras na alameda de Beade. (Expte 4290-446) por un prezo total de 300.954,60 euros. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-11-2008 e a oferta presentada.

**26(2095).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MELLORA DE ALUMEADO PÚBLICO EN BARRIOS E PARROQUIAS.EXPTE 12388/444.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Imes Api, S.A. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da mellora de alumeado público en barrios e Parroquias (expte 12388-444) por un prezo de 133.500 euros e engadindo a execución de 65 instalacións tipo A, 200 instalacións tipo B e 112 instalacións de tipo C. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-11-2008 e a oferta presentada.

**27(2096).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A SUBMINISTRACIÓN, ADAPTACIÓN E REFORMAS DE EQUIPOS DE BACHEO. EXPTE 5651/445.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a A.R. Pichel, S.A. o procedemento negociado con publicidade para a subministración, adaptación e reformas de equipos de bacheo. (expte 5651-445) por un prezo total de 92.094,72 euros, un prazo de garantía de un ano para as reformas e dous anos para o vehículo e un prazo de entrega de 100 días, ofertando ademais as seguintes melloras:

- Capacidade do basculante 3,57 m<sup>3</sup>
- A capacidade de emulsión asfáltica 1 m<sup>3</sup>
- Bomba de caudal de 6.500 litros/hora.
- Vehículo de 136 cv

Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-11-2008 e a oferta presentada.

**28(2097).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULOS PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE 9684/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente á Comercial Automoto, S.A. o Procedemento negociado sen publicidade para a subministración de dous vehículos para o servizo de Educación (expte 9684-332) un Citroen C4 Picasso HDI 135 e Citroen Berlingo First X HDI 75 por un prezo total de 39.755 euros, un prazo de garantía de dous anos e reduce o prazo de entrega en 60 días, ofertando ademais as seguintes melloras:

Para o Citroen C4 Picasso:

- Parabrisas panorámico. Gran angular acústico.
- Volante regulable en altura e profundidade.
- 7 airbags incluído o de xeonllos.
- 4 freos de discos.
- Cintos de seguridade con pretensor e limitador de esforzo.
- Elevalunas eléctricos dianteiros.
- Peche centralizado con chave,
- Regulador e limitador voluntario de velocidade
- Freo de man automático eléctrico
- Encendido automático das luces de emerxencia en caso de freada brusca

Para o Citroen Berlingo:

- Airbag do condutor
- Bandexa portaobxectos baixo o teito cabina
- Volante regulable en altura
- Indicador de mantemento
- Chan de zona de carga con alfombra de goma
- Protección laterais anchas en cor negro.

Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-11-2008 e a oferta presentada.

**29(2098).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DA OFICINA DE PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE 12444/444.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Umrer, S.L. na súa opción 2 o procedemento negociado sen publicidade para a execución das obras da oficina de persoal do concello de Vigo (Expte 12444-444) por un prezo total de 149.000 euros, un prazo de garantía de tres anos e un prazo de execución de 45 días laborables, ofertando ademais as seguintes melloras valoradas en 25.996,78 euros:

- Sistema de climatización (frío-calor) con sistema inverter e bomba de calor con instalación de termostatos controlados a distancia por infravermellos.
- Caixóns de carcasa en aceiro (excepto tapas e frontais) de 0,8 mm e pintado epoxi
- Caixóns en aceiro e con extracción do 90%
- Armarios en aceiro de 0,8 mm pintados en epoxi
- Plataforma nivelable de 80 mm no armario minicompacto
- Armarios pechados de aceiro e 0,8mm pintados en epoxi con pechadura en vez de estanterías abertas de arquivo.
- Unha porta de paso máis a instalar no acceso dende a oficina ó servizo de mulleres.
- Trasdosado de parede no despacho da xefa de Area para illar a humidade
- Instalación de tabiques armario totalmente integrado na instalación para ter máis capacidade de almacenamento na oficina

Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 24-10-2008 e a oferta presentada.

**30(2099).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A SUBMINISTRACIÓN E IMPLANTACIÓN DE LOCAL GIS FASE I. EXPTE 3583/113.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Centro de Observación y Teledetección Espacial, S.A. (COTESA) o procedemento negociado sen publicidade para a subministración e implantación de Local Gis Fase I (expte 3583-113) por un prezo total de 53.360 euros e un prazo de execución de 45 días, ofertando ademais a execución das tarefas seguintes e recollidas na cláusula 11 do prego de prescricións técnicas:

- Proceso 4-1, tarefa 6 e 8
- Proceso 4-3, tarefa 4 e 8
- Proceso 4-4, tarefa 6, 9 e 10.
- Proceso 4-5, tarefa 3
- Proceso 4-6 tarefa 1
- Proceso 4-7, tarefa 1
- Proceso 5-1, 5-2, 5-3 , tarefas todas.
- Proceso 5-4, tarefas 1, 2, 3 e 4.

- Proceso 5-5, tarefas 1, 2 e 3

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05-12-2008 e a oferta presentada.

**31(2100).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A SUBMINISTRACIÓN DO PROXECTO DE COBERTURA DE BANDA ANCHA NA PRAZA DE AMÉRICA, PRAZA DA INDEPENDENCIA E ZONA PEONIL DO CALVARIO. EXPTE 3455/113.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a TecnoCom, Telecomunicaciones y Energía, S.A. o procedemento negociado sen publicidade do proxecto de cobertura de banda ancha na praza de América, Praza da Independencia e zona peonil do Calvario. (expte 3455-113) por un prezo total de 60.000 euros e un prazo de execución de 30 días unha vez conseguidos os permisos necesarios e aprobado o plan de execución.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 05-12-2008 e a oferta presentada.

**32(2101).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A SUBMINISTRACIÓN DA ACTUALIZACIÓN DE DISCOS CX 400. EXPTE. 3487/113.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, fiscalizado e conformado pola oficina de Intervención Xeral en data 30-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Ednom, S.L. O procedemento negociado sen publicidade da actualización da torre de discos CX 400. (expte 3487-113) por un prezo total de 57.688,08 euros, e un prazo de execución de 60 días, a ampliación consistirá no subministro dunha nova cabina marca Clariion, modelo C4-120 de EMC cunha bandexa de discos adicional .

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05-12-2008 e a oferta presentada.

**33(2102).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DO MERCADO MUNICIPAL DA PEDRA. EXPTE 2590/104.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Agrupconsa, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de reforma do mercado municipal da Pedra. (expte 2590-104) por un prezo total de 182.098,18 euros, e un prazo de execución de tres meses, un prazo de garantía das obras de

un ano. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05-12-2008 e a oferta presentada.

**34(2103).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA NOVA GRADA NO CAMPO DE FÚTBOL DO MEIXOEIRO. EXPTE 8122/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Aldasa Constructora, S.L.U. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de construción dunha nova grada no campo de fútbol do Meixoeiro (Expte 8122-333) por un prezo total de 89.495,00 euros, e un prazo de execución de 3 meses e 20 días, un prazo de garantía das obras de un ano. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05-12-2008 e a oferta presentada. Comprométese así mesmo a xestionar os residuos da obra coa empresa de xestión Sogama, S.A. e adscribir a obra dous enxeñeiros de camiños.

**35(2104).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO PARA O SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO. EXPTE 4256/307.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Rofervigo, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da subministración dun vehículo para o servizo de Patrimonio Histórico (Expte 4256-307) Nissan X-trail 2.0 cDi 150 cv 4X4 por un prezo total de 28.450,07 euros, e un prazo de execución de dous meses, un prazo de garantía de 5 anos. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 21-1-2008 e a oferta presentada.

**36(2105).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS DE EXTRACCIÓN DE FUMES PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE 892/213.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Iturri, S.A. o procedemento negociado sen publicidade para a subministración de equipos de extracción de fumes para o servizo de Bombeiros (expte 892-213) por un prezo total de 64.254,00 euros, e un prazo de entrega de 60 días, un prazo de garantía de 18 meses anos. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05-12-2008 e a oferta presentada.

**37(2106).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE 893/213.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Iturri, S.A. o procedemento negociado sen publicidade para a subministración de mobiliario para o servizo de Bombeiros (expte 893-213) por un prezo total de 43.816,00 euros, e un prazo de entrega de 60 días, un prazo de garantía de 18 meses. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05-12-2008 e a oferta presentada.

**38(2107).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MOBLES DE COCIÑA PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE 891/213.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a El Corte Inglés, S.A. o procedemento negociado sen publicidade para a subministración de mobles de cociña para o servizo de Bombeiros (expte 891-213) por un prezo total de 48.997,00 euros, e un prazo de entrega de 60 días, un prazo de garantía de 18 meses. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05-12-2008 e a oferta presentada.

**39(2108).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO PARA O SERVIZO DO LABORATORIO MUNICIPAL. EXPTE 2081/313.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Rofervigo, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a subministración dun vehículo para o servizo do Laboratorio Municipal (expte 2081-313) Nissan Primastar 2.0 dCi 115 cv Premium Combi 6 por un prezo total imposto de matriculación incluído de 28.489,78 euros, e un prazo de entrega de 25 días, un prazo de garantía de 5 anos. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 02-12-2008 e a oferta presentada.

**40(2109).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE BALAUSTRADA E CARTELERÍA PARA PARQUES INFANTIS. EXPTE 4180/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente a Contenur España, S.L. l o lote 1 carteis do procedemento aberto para a subministración de balaustrada e cartelería para parques Infantís. (expte 4180-446) por un prezo total de 377 euros cartel e un prezo total do contrato de 32.000 euros, e un prazo de entrega de unha semana e un prazo de garantía de 15 anos. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 03-11-2008 e a oferta presentada.

2º.- Adxudicar definitivamente a Moycosa, S.A.L o lote 2 valado do procedemento aberto para a subministración de balaustrada e cartelería para parques Infantís. (expte 4180-446) por un prezo do metro lineal do valado de 72,81 euros e un prezo total do contrato de 178.000 euros, e un prazo de entrega de dúas semanas e un prazo de garantía de 11 anos. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 03-11-2008 e a oferta presentada.

**41(2110).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE LUMINARIAS E LAMPADAS PARA A SUBSTITUCIÓN DAS QUE SE ATOPAN DETERIORADAS. EXPTE 12711/444.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, fiscalizado e conformado pola Intervención Xeral en data 30-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Dielectro Industrial, S.L. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da subministración de luminarias e lámpadas para a substitución das que se atopan deterioradas.(Expte 12711/444) por un prezo de 50.866 euros. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17.11.2008 e a oferta presentada.

**42(2111).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE UNHA MÁQUINA PARA MOVEMENTO DE PALETS. EXPTE 5650/445.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, fiscalizado e conformado pola Intervención Xeral en data 26-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Baygar, S.L. a subministración de unha máquina para movemento de palets.(Expte 5650-445) máquina Ausa C300 Hx4 por un prezo total de 42.224 euros, un prazo de garantía de dous anos e un prazo de entrega de 15 días . Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-11-2008 e a oferta presentada.

**43(2112).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DOTACIÓNS PARA A MODERNIZACIÓN DOS VEHÍCULOS PATRULLA DA POLICIA LOCAL. EXPTE 3471/113.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, fiscalizado e conformado pola Intervención Xeral en data 26-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Imatia Innovation, S.L. a execución da subministración de dotacións para a modernización dos vehículos patrulla da Policía Local. (Expte 3471-113) por un prezo total de 68.016 euros polo subministro de 35 equipos portátiles e 35 equipos GPS e as aplicacións de

acceso a Bases de datos municipais e seguimento de flotas e a instalación dos equipos nos vehículos. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17.11.2008 e a oferta presentada.

**44(2113).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DA ILUMINACIÓN DA ESTRADA VELLA DE MADRID. EXPTE 12409/444.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, fiscalizado e conformado pola Intervención Xeral en data 30-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Sielvigo, S.L. o Procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de mellora da iluminación da estrada vella de Madrid..(Expte 12409-444). por un prezo respectivo de 66.500 euros. Un prazo de garantía de tres anos para toda a instalación, reduce o prazo de execución en 35 días e propón a execución das seguintes melloras:

- Uso de lámpadas de tipo Long Life, co dobre de vida útil que as convencionais.
- Elección do cor das luminarias.
- Uso de cable de aluminio de 3x16+54,6 mm
- Informe de inspección final de obra con utilización de cámara termográfica.

Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-11-2008 e a oferta presentada.

**45(2114).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE SOPORTES PARA ALUMEADO. EXPTE 12710/444.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, fiscalizado e conformado pola Intervención Xeral en data 26-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Imesapi, S.A. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da subministración de soportes para alumeado.(Expte 12710/444) por un prezo de 36.250 euros. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-11-2008 e a oferta presentada.

**46(2115).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CONDUTOR ELÉCTRICO. EXPTE 12709/444.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, fiscalizado e conformado pola Intervención Xeral o 30-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Miguel Pascual Sociedad Cooperativa. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da subministración de e condutor eléctrico.(Expte 12709/444) por un prezo de 44.323,60 euros. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas



administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-11-2008 e a oferta presentada.

**47(2116).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA RÚA DAS OSTREIRAS. EXPTE 2462/104.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, vista a fiscalización e a conformidade da Intervención Xeral en data 26-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Agrupconsa, S.L. a execución das obras de cubrición da rúa das Ostreira (Expte 2462-104) por un prezo total de 92.257,54 euros, un prazo de execución de 53 días. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-11-2008 e a oferta presentada.

**48(2117).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE GALERÍA DE TIRO NAS DEPENDENCIAS DA POLICÍA LOCAL. EXPTE 33785/212.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, fiscalizado e conformado pola Intervención Xeral en data 26-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Construcciones Cardeñoso, S.L. a execución das obras de construción de galería de tiro nas dependencias da Policía Local.(Expte 33785-212) por un prezo total de 139,984 euros e cun incremento do prazo de garantía en 8 anos. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-11-2008 e a oferta presentada.

**49(2118).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN ARMAS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE 33637/212.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Equipamiento Institucional, S.A. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do subministro armas para a Policía Local.(Expte 33637-212) por un importe de 24.640 euros, comprometéndose a entrega de 44 armas modelo Heckler & Koch modelo USP-Compact 9 mm Parabellum, reducindo o prazo de entrega en 7 días naturais e aumentando o prazo de garantía en 12mesess. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-11-2008 e a oferta presentada.

**50(2119).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MOTOCICLETAS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE 33664/212.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Mopavi, S.L.U.. a subministración de motocicletas para a Policia Local (Expte 33664-212), 6 unidades do modelo Aprilia Ctlantic 250 por un prezo total de 33.498,48 euros, un prazo de garantía de un ano e un prazo de entrega de 30 días ofertando ademáis as seguintes melloras:

- Cambio automático (variador)
- Frenada integral

Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17-11-2008 e a oferta presentada

**51(2120).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE 9437/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, vista a fiscalización e a conformidade da Intervención Xeral do 26-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Plygepe, S.L. a execución das obras de acondicionamento na escola municipal de música (Expte 9437-332) por un prezo total de 64.076,72 euros, un prazo de execución de 4 meses e a execución das seguintes melloras:

- Delegado de obra con titulación de enxeñeiro Industrial
- Control de calidade con posibilidade de efectuar un estudo acústico.

Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11.11.2008 e a oferta presentada.

**52(2121).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE E SEN LIMITACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE BOUZAS E REPARACIÓNS EN SAMIL E TRAVESAS. EXPTE. 8020/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 19-12-08, vista a fiscalización e a conformidade da Intervención Xeral de data 26-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Unión Temporal de empresas formada por Construcciones Deportivas Indepo, S.L. - Hidroestructuras, S.L.: a execución das obras de renovación do campo de fútbol de Bouzas e reparacións en Samil e Travesas (expte8020-333) por un prezo total de 326.000 euros, reduce o prazo de execución en 75 días e aumentao prazo de garantía en 48 meses. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 03-11-2008 e a oferta presentada.

**53(2122).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE COLECTORES PARA A RECOLLIDA DE ENVASES LIXEIROS. EXPTE 2276/252.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, vista a fiscalización e o conforme da Intervención Xeral en data 30-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Contenur, S.L o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da subministración de colectores para a recollida de envases lixeiros.(Expte 2276-252) por un importe de 69.459,47 euros, comprometéndose a entrega de 84 colectores, reducindo o prazo de entrega en 7 días naturais e aumentando o prazo de garantía en 30 días naturais. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11-11-2008 e a oferta presentada.

**54(2123).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2009. EXPTE 2556/335.**

A Xunta de Goberno Local acordou retirar o presente asunto da orde do día por terse tratado nunha anterior reunión.

**55(2124).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO ABERTO CON MÚLTIPLES CRITERIOS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA CORUÑA. EXPTE 55427/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 19-12-08, vista a fiscalización e a conformidade da Intervención Xeral de data 26-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Movexvial, S.L. a execución das obras de humanización da rúa Coruña. (expte 55427-250) por un prezo total de 1.380.995 euros un prazo de garantía de 78 meses e un compromiso de aportación económica ó plan de control de calidade do 3,5% do presuposto de execución material. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05-08-2008 e a oferta presentada.

**56(2125).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REURBANIZACIÓN DA PRAZA DE EDUARDO CHAO FASE 2 B. EXPTE 56711/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 22-12-08, vista a fiscalización e a conformidade da Intervención Xeral en data 26-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Construcción, Obras e Viais, S.A. a execución das obras de reurbanización da praza de Eduardo Chao fase 2 B. (expte 56711-250) por un prezo total de 129.675,77 euros un prazo de garantía de 24 meses e un compromiso de aportación económica ó

plan de control de calidade do 3,76% do presuposto de execución de contrata. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 03-11-2008 e a oferta presentada.

**57(2126).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA BEIRRARRÚA DA AVENIDA DE CASTELAO FASE 1. EXPTE 55426/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, fiscalizado e conformado pola Intervención Xeral en data 26-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Unión Temporal de Empresas formada por Hidroestructuras, S.L.-Obras, Reformas y Saneamiento, S.L. (ORESA) a execución das obras de humanización da beirarrúa da Avenida de Castelao Fase 1. (Expte 55426-250) por un prezo total de 437.142,84 euros un prazo de garantía de 24 meses e un compromiso de aportación económica ó plan de control de calidade do 3,5% do presuposto de execución por contrato. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05-08-2008 e a oferta presentada.

**58(2127).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DO BARRIO DE BOUZAS , ENTORNO DO MERCADO ZONAS A E B. EXPTE 56045/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 19-12-08, vista a fiscalización e a conformidade da Intervención Xeral de data 26-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Construcciones Crespo, S.A. a execución das obras de humanización do Barrio de Bouzas , entorno do mercado Zonas A e B. (Expte 56045-250) por un prezo total de 275.691,44 euros un prazo de garantía de 30 meses e un compromiso de aportación económica ó plan de control de calidade do 3,45% do presuposto de execución por contrato. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 05-08-2008 e a oferta presentada.

**59(2128).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E URBANIZACIÓN DO ENTORNO DO RECINTO ARQUEOLÓXICO DA VILA ROMANA DE TORALLA. EXPTE 4472/307.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 19-12-08, fiscalizado e conformado pola Intervención Xeral en data 26-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Obras, Reformas y Saneamientos, S.L. a execución das obras de acondicionamento e urbanización do entorno do recinto arqueolóxico da vila romana de Toralla (expte 4472-307). por un prezo total de 98.159,99 euros, rebaixa o prazo de execución en un mes e as seguintes melloras:

- Probas previas á posta en obra da soleira en alomenos catro mostas de 100\*100.
- Subministro e plantación de 6 pinus pinea de 3,5 a 4 m de altura.
- Destina-lo 1,5% do orzamento de execución material ó control arqueolóxico
- Contratar un arquitecto técnico como xefe de Obra.

Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 03-11-2008 e a oferta presentada.

**60(2129).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CALEFACCIÓN A GAS NATURAL NOS CEIP “DR. EIJO GARAY” E “RÍA DE VIGO”. EXPTE 9330/336.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 19-12-08, vista a fiscalización e o conforme da Intervención Xeral de data 26-12-2008, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Altair Ingeniería y Aplicaciones, S.A.. os lotes 1 e 2 do Procedemento negociado con publicidade para a contratación das obras de instalación dun sistema de calefacción a gas natural nos CEIP “Dr. Eijo Garay”(lote 1) e “Ría de Vigo”(lote 2). (expte 9330-332 ) por un prezo respectivo de 130.000 euros para o lote 1 e 120.000 euros para o lote 2. Un prazo de garantía de dous anos para toda a instalación e cinco para a caldeira e os emisores e aportando como melloras a instalación de caldeira de condensación e de válvulas termostáticas en todos os emisores. Todo o anterior de acordo co proxecto e prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 18-07-2008 e a oferta presentada.

**61(2130).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA O SUBMINISTRO DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL. EXPTE 33686/212.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación do 30-12-08, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar definitivamente a Comercial Automoto S.A. O lote 1 (Furgón de atestados) e 2 (vehículo patrulla e escolta) do procedemento aberto para a contratación da subministración de vehículos para a Policía Local. (Expte 33686-212) sendo as características da subministración as seguintes:

Lote 1 : vehículo Citroën Jumpy HDI combi mixto L por un prezo de 36.495 euros , un prazo de garantía de un ano e un prazo de entrega de 60 días ofertando ademáis as seguintes melloras:

